



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL  
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: [persoal@arteixo.org](mailto:persoal@arteixo.org)

Dpto. de Persoal e RR.HH  
Ref.: LR/mv/17

Na Casa Consistorial do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Accidental, D. Pablo Seoane Cancelo, ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, de 13 de abril, do Estatuto do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e,

Segundo o estipulado na Convocatoria e Bases reguladoras do proceso de selección, polo procedemento de OPOSICIÓN LIBRE, para NOMEAMENTO INTERINO, por vacante dunha praza do posto de Enxeñeiro técnico industrial, adscrito á Área de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Arteixo, aprobadas en Xunta de Goberno de data 5 de abril de 2017.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 2962/2017 de 30 de outubro de 2017 pola que se aproba a listaxe definitiva e admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso selectivo e se designa nominativamente os membros do Tribunal e,

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Laura Rodríguez Sastre de data 31 de outubro de 2017 con rexistro de entrada nº 2017/17832 no cal solicita a súa exclusión como membro de Tribunal, (secretaria suplente) de acordo co artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Por todo elo,

## RESOLVÍN

**PRIMEIRO.-** Anular a designación de D<sup>a</sup>. Laura Rodríguez Sastre como secretaria suplente do Tribunal do proceso selectivo dunha praza de Enxeñeiro técnico industrial, adscrito á Área de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Arteixo e nomear a D<sup>a</sup>. Mercedes Suárez Lois, xurista de urbanismo do Concello de Arteixo como secretaria suplente de antedito Tribunal.

**SEGUNDO.-** Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal.

Mándao e asíno ante min, o Sr. Alcalde-Presidente, na data que figura na marxe. Dou fé.

ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo.: Carlos Calvelo Martínez

O SECRETARIO ACCIDENTAL  
Asdo.: Pablo Seoane Cancelo